



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP "O Coto" de Negreira
Rúa Rosalía de Castro, s/n.
15830 Negreira (A Coruña) Tlf.: 881 866 822 Fax: 881 866 823
correo electrónico: ceip.ocoto@edu.xunta.es

Estimadas familias;

Neste curso escolar imos levar a cabo un proxecto de innovación educativa en colaboración coa asociación "SÓ LLES FALTA FALAR".

A actividade supón un custo de 700 euros por sesión para cuxa financiación contamos coa colaboración do CONCELLO DE NEGREIRA.

O clube de cans de familia "só lles falta falar" nace no ano 2008 coa finalidade de fomentar a tenza responsable de cans e a súa plena integración na sociedade.

Con este obxectivo organiza actividades coma roteiros por diferentes lugares, charlas formativas ou visitas aos centros nos que os cans desenvolven unha función de soporte terapéutico.

Este soporte terapéutico axuda a mellorar a autonomía persoal, social e urbana, a fomentar o autocontrol emocional e a xerar ilusión e responsabilidade.

É por isto que, un luns de cada mes e ata final de curso, esta asociación visitaranos no centro.

Todos os cans teñen pasados os rexistros sanitarios para traballar con nenas e nenos.

Todas as intervencións que realiza o clube están supervisadas por especialistas en conduta animal que se ocupan tamén da selección, adestramento e educación dos cans participantes.

***A primeira sesión terá lugar o vindeiro luns 11 de marzo do 2019.**

MESTRAS E MESTRES DE INFANTIL E PRIMARIA